

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO**

RESOLUCIÓN do 8 de agosto de 2022 pola que se amplía o prazo establecido no ordinal vixésimo da Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento MT402A), tramitado como expediente anticipado de gasto.

A Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento MT402A), tramitado como expediente anticipado de gasto, establece no seu punto vixésimo.1 que a data límite para a xustificación da subvención será o 30 de setembro de 2022.

O artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia, establece, no seu punto terceiro, que o órgano concedente da subvención poderá outorgar, salvo precepto en contra establecido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

O devandito precepto legal, en aplicación da disposición derogatoria única da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da LPACAP, en que se indica que a Administración poderá conceder a ampliación dos prazos establecidos de oficio ou por petición dos interesados antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias o aconsellan.

O elevado número de solicitudes presentadas dificulta o cumprimento polas persoas beneficiarias dos prazos establecidos na resolución para a execución e xustificación dos gastos relativos a estas axudas, tendo en conta que moitas destas solicitudes se concentran en ámbitos territoriais pequenos onde a man de obra especializada para atender a realización das obras é escasa.

CVE-DOG: zpswflc5-k4z8-cdm8-60s4-sh33ru0hb5n4



Por outra banda, na tramitación dos expedientes tivéronse que outorgar prazos para emenda tanto de documentación como de erros e realizar a valoración técnica dos expedientes. Todo o anterior ten xerado unha demora na resolución da convocatoria, diminuindo o tempo efectivo dispoñible polos beneficiarios para a execución e a xustificación correspondente dos gastos obxecto de subvención.

Esta situación provoca a necesidade de establecer novos prazos de execución e xustificación das axudas.

Con esta ampliación de prazo preténdese dar cumprimento ao obxecto da Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022, que é o de corrixir os impactos paisaxísticos en congruencia cos valores paisaxísticos recollidos no Catálogo de paisaxes de Galicia e os obxectivos e criterios que expresan as directrices de paisaxe de Galicia.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Modificar a data límite para a xustificación da subvención que figura no ordinal vixésimo da Resolución do 20 de decembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a persoas físicas, xestionadas por este instituto, e se establece a súa convocatoria para o ano 2022, de xeito que a data límite para a execución dos investimentos e para a xustificación dos gastos se amplía ata o 31 de outubro de 2022.

Segundo. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Instituto de Estudos do Territorio, para os efectos previstos no artigo 45.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Terceiro. De acordo co disposto no artigo 32.3 da LPACAP, contra este acordo non cabe recurso de ningún tipo.

CVE-DOG: zpswflc5-k4z8-cdm8-60s4-sh33ru0hb5n4



Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2022

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio

CVE-DOG: zpswf1c5-k4z8-cdm8-60s4-sh33ru0hb5n4

